

PLAN DE IGUALDADE

Aprobado polo Consello escolar na reunión celebrada o 17 de febreiro do 2020

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

CAMBRE – A CORUÑA

ÍNDICE

1- Introducción.

2- Contextualización normativa e do centro educativo.

3- Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia.

4- Obxectivos coeducativos.

4.1. Promoción da igualdade entre homes e mulleres.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo- sexual.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

5- Medidas concretas de actuación.

5.1. Organización do centro.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes..

5.3. Xestión dos espazos, recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6- Seguimento e avaliación.

1. INTRODUCCIÓN

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

Se partimos da **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**, manifesta que a educación é o medio de transmitir e renovar a cultura e o conxunto de coñecementos, así como os valores que a sustentan. Un dos principais fins que se persegue é a formación no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas. **O artigo 1** desta lei establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. Así mesmo, **o artigo 2** establece que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos de oportunidades entre homes e mulleres”.

Para que dita atención a diversidade se faga realidade o Equipo Directivo do CEIP Wenceslao Fernández Flórez ten entre as súas competencias a de elaborar e incorporar ao proxecto educativo do Centro (PEC), **o Plan de Igualdade**, que será unha ferramenta máis xunto co Plan de Convivencia e as normas recollidas no NOFC. O centro será unha plataforma para a superación de prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade nas estruturas e das prácticas sexuais non desexables, posto que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade. Como mestres e mestras debemos transmitirlle ao alumnado valores baseados na paz e na igualdade para que a sociedade do futuro sexa pacífica e igualitaria.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade, con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo- sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita para contravir “o correcto” e o “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade nas aulas. Todo isto, se contemplará nas medidas e iniciativas propostas por toda a comunidade educativa a través dos órganos de participación: claustro de profesorado, comisión de coordinación pedagóxica, órganos e equipos de coordinación e consello escolar, contando coa colaboración do Departamento de Orientación.

O Plan de igualdade baséase nos seguintes principios:

a) Valores democráticos.

Igualdade, liberdade e xustiza, que garanten a defensa dos dereitos humanos.

b) Transversalidade.

Introducida nas políticas educativas sobre as perspectivas de xénero.

c) Inclusión.

Que supón a erradicación da discriminación por razón de sexo, xénero, identidade de xénero, ou orientación sexual.

d) Igualdade de oportunidades.

Homes e mulleres gozan das mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

e) Visibilidade.

O Plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Para a elaboración deste plan preséntase unha serie de obxectivos que despois serán concretados por cada titoría e adecuaranse á realidade das súas aulas en particular. Así mesmo establécense unhas liñas coeducativas e de actuacións concretas a desenvolver dende o centro que despois terminarán de tomar forma na súa posta en práctica ou coas aportacións do propio alumnado, partindo así dos seus intereses e motivacións e promovendo a inclusión real, onde todo o alumnado teña cabida e se partan das súas capacidades e diferenzas, as cales enriquecerán o proceso de ensino- aprendizaxe.

2-CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. Contextualización da normativa de referencia.

Para a elaboración deste plan de igualdade tomamos como principal referente a ***Instrución do 6 de setembro do 2019 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería da educación, universidade e formación profesional***, onde se establece que a igualdade entre mulleres e homes constituíndo un principio reitor das sociedades democráticas, e así se recolle en multitude de normas de ámbito internacional, estatal e autonómico, tal e como se pode contemplar nas liñas seguintes:

Normativa internacional:

- Declaración universal dos dereitos humanos onde se establece que “toda persoa ten os dereitos e as liberdades proclamados nesta declaración, sen distinción de raza, cor, sexo, idioma, opinión política ou de calquera índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera condición”.

Normativa estatal:

- Constitución española de 1978.
 - Artigo 14, co que se recoñece formalmente a igualdade ante a lei por razón de sexo.
 - Artigo 9.2 que asevera a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Artigos 1 e 2.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
 - Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.
 - Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

Normativa autonómica:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. Artigo 4.2 na defensa da igualdade.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
 - Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.
 - Artigo 18. Erradicación dos prexuízos nos centros educativos docentes.
 - Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBQI nos plans de estudos.
 - Artigo 23. Actitudes.
 - Artigo 24. Formación do persoal docente.
 - Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBQI entre as ANPA.
 - Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG de 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre homes e mulleres.
- Instrución de 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020

2.2. Contextualización no centro.

O noso claustro de profesorado actual está formado por un total de 30 mestras e 6 mestres, distinguindo entre profesorado responsable de titorías e profesorado especialista. Ademais contamos con 6 mulleres (conserxe, tres auxiliares de cociña e dúas limpadoras) e 2 homes (auxiliar administrativo e cociñeiro) como persoal non docente.

O centro conta cun total 22 unidades entre as que existen 6 aulas de EI e 16 aulas de EP, cun total de 253 alumnos e 210 alumnas. Os alumnos repártense nas clases respectando sempre o principio de equidade. Os ámbitos familiares son diferentes, hai familias monoparentais, familias nucleares clásicas, familias reconstituídas, familias multiétnicas, familias adoptivas...; todos son tratados e educados en igualdade tanto pola comunidade educativa como polos seus compañeiros.

Ata agora a igualdade entre homes e mulleres formaba parte dos nosos principios e obxectivos recollidos no Proxecto educativo, nas Nofc, no Plan Xeral de Atención á Diversidade, no Plan de orientación, no Plan de acción titorial e no Plan de Convivencia. Así como nas distintas programacións de aula das persoas titoras que concretan estes obxectivos na realidade particular do seu alumnado. Despois de revisión destes **documentos** os apartados que fan referencia a igualdade entre homes e mulleres son:

a) Proxecto Educativo de Centro,

Aparecen referencias nos seguintes apartados:

→ Sinais de identidade:

Principios educativos do centro:

- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Fins educativos do centro

- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

→ Obxectivos do centro

- O fomento da educación para a igualdade e a coeducación que evite unha transmisión estereotipada de papeis entre os sexos, para evitar as actitudes de machismo no seo da comunidade educativa e a corrección dos comportamentos sexistas (regulado polos artigos 9º e 10º da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, DOG 03/08/04).

- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa, desenvolvendo actitudes contrarias á violencia e erradicando prexuízos de calquera tipo e estereotipos sexistas.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e linguas, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

b) PXA, no obxectivo 7 recóllese:

Sensibilizar á comunidade educativa na necesidade de erradicar da nosa sociedade a discriminación de xénero.

Este Plan de Igualdade unha vez aprobado formará parte da PXA.

c) Nas programacións didácticas:

Debemos poñer especial atención que nas programacións didácticas non se contemplan contidos, metodoloxías ou criterios de avaliación transmisores, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos, incluíndo aqueles que si fomenten os valores de igualdade e coeducación, contemplándose como un tema transversal.

d) Dentro do NOFC recóllese:

→ Título II Finalidades educativas.

Artigo 3: A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

→ Título VII: Normas Xerais de Convivencia.

Artigo 56: Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. De forma directa, o persoal docente non permitirá ningunha forma de machismo, de misoxinia ou de homofobia que puidese existir no seo da comunidade escolar. Aplicaranse activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe de todas as persoas.

e) Plan de Convivencia recóllese:

No apartado c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

No apartado e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia. Especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Do mesmo xeito, a comisión de convivencia, dentro das súas funcións asegurarse de:

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, garantindo a igualdade entre persoas de diferente xéneros e a resolución pacífica de conflitos.

- Garantir os principios de actuación vertebradores do plan.
- Dinamizar medidas propostas no consello escolar que favorezan a convivencia no centro en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

A partir deste momento, coa elaboración do **I Plan de Igualdade do Ceip Wenceslao Fernández Flórez** concretaranse todos eses principios e obxectivos dun xeito máis específico, proclamando actuacións que permitan seguir unha liña coeducativa e libre de calquera tipo de discriminación, é dicir, que permitan impulsar o noso proxecto educativo de centro na súa totalidade.

3-ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

É necesario realizar unha análise máis profunda sobre o uso dos espazos, da linguaxe e doutros aspectos ocultos que poden pasar desapercibidos nun principio e que precisan un cambio. Se nalgún momento se presentase algunha situación deste tipo as vías con que contamos no centro serán abordadas a través de:

- Titorías
- Departamento de Orientación (Mediación)
- Equipo Directivo
- Comisión Coordinación Pedagóxica
- Comisión Convivencia

A nivel de centro propónse analizar os seguintes puntos:

RÚBRICA PARA ANALIZAR A PRESENZA DA COEDUCACIÓN NO CENTRO			
INDICADORES	SI	NON	EN PROCESO
Están os obxectivos do Plan de Igualdade incluídos no PEC.			
Está nomeada no Consello Escolar a persoa encargada do seguimento das medidas que fomenten a igualdade.			
Existe igualdade na carteleira do centro.			
Existe igualdade nos documentos do centro.			
Existe igualdade nos comunicados que saen do centro.			
Hai un taboleiro específico de coeducación nalgún lugar do centro.			

Sesións informativas e formativas para o claustro.			
Sesións informativas para comunidade educativa.			
Uso igualitario de espazos, recursos e tempos.			
Realización de actividades deportivas e complementarias con perspectiva de xénero.			
Hai un protocolo ou medidas de intervención para abordar conductas contrarias á convivencia por razón de xénero.			
Realízanse actividades dirixidas ao alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario oficial (25 de novembro, 8 de marzo)			

4- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS:

Para educar en igualdade de xénero debemos partir dunha cultura na que homes e mulleres estean libres de ataduras e influencias que impoñen os mandatos de xénero e que incapacitan ás persoas para o desenvolvemento das súas capacidades en liberdade. Levar á práctica esta premisa, supón reflexionar sobre os **principios** que queremos que rexen o contido deste plan. Estes son:

- Igualdade entre homes e mulleres.
- Non discriminación.
- Respecto polos dereitos e liberdades das persoas.
- Empoderamento.
- Transversalidade das actuacións do plan.
- Educar na diversidade.
- Participación de toda a comunidade educativa.
- Corresponsabilidade.
- Uso da linguaxe e materias curriculares non sexista e inclusivos.
- Resolución pacífica de conflitos.

Tendo claro que estes son os principios dos que partimos, establécense no plan **catro grandes obxectivos** coeducativos:

- ✓ Promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- ✓ Previr, deter e intervir en casos de violencia de xénero.
- ✓ Promover o respecto pola diversidade afectiva.
- ✓ Previr, deter e intervir en casos de LGTBIfobia.

Estes obxectivos deben concretarse noutros que sexan operativos e que nos permitan observar se acadamos a meta desexada. A continuación propoñemos uns obxectivos específicos para os que despois concretaremos as actuacións a levar a cabo:

OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
<p>Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Incorporar o principio de igualdade entre homes e mulleres no proxecto educativo de centro e, especialmente, nos contidos do curriculum. - Potenciar un desenvolvemento do alumnado libre de estereotipos e roles de xénero. - Detectar as actitudes sexistas que aínda prevalecen na escola e modificalas.
<p>Prevenición, detección e intervención en casos de violencia de xénero</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Prever a violencia de xénero dende idades temperás. - Axudar e ensinar a resolución de conflitos sen violencia. - Establecer protocolos de actuación en caso de que se dean situacións de acoso escolar ou outras formas de violencia relacionadas co xénero.
<p>Promoción do respecto pola diversidade afectiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Educar na empatía. - Dotar ao alumnado dunha maior competencia emocional. - Revisar e actualizar os diversos materiais do centro.
<p>Prevenición, detección e intervención en casos de LGTBfobia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Detectar, previr e intervir actitudes ou comportamentos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

Destes obxectivos xorden uns ámbitos de actuación que permitirán organizar as distintas accións encamiñadas a levar a cabo o plan de igualdade. Eses ámbitos son:

- Organización do centro
- Exclusión de estereotipos e roles de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
- Xestión de espazos e tempos.
- Inclusión de valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres..

A igualdade de xénero como parte da educación en valores tratarase como un contido transversal que estea presente a través de todas as áreas e/ou materias que establece os currículos das etapas de infantil e primaria. De todos os xeitos, no centro tamén se levarán a cabo accións e propostas didácticas nas que se traballen dun xeito explícito este tipo de contidos, algunhas desas propostas son as que se poden contemplar nos parágrafos seguintes:

- Unha forma de promover a igualdade de oportunidades dende o centro é partindo de diferentes lecturas de contos ou da selección e utilización de diversos libros ou fontes bibliográficas. Para isto, traballarase en coordinación co equipo de biblioteca e propoñerase a creación dun **recuncho coeducativo** dentro da propia biblioteca. Para a selección de contos ou libros de consulta para a pescuda de información do alumnado e profesorado se tomarán como principais referentes os seguintes criterios coeducativos:
 - ✓ Uso dunha linguaxe non sexista.
 - ✓ Uso de imaxes non estereotipadas, referidas a profesións, relacións...
 - ✓ Presenza de varóns se se tratan temas relacionados co coidado.
 - ✓ Presenza de mulleres cando se tratan temas actuais relacionados coa ciencia, a tecnoloxía, o deporte, o emprendemento e o éxito profesional.
 - ✓ Aportación de homes e mulleres ao longo da historia en todos os ámbitos culturais, sociais ou políticos, resaltando que a aportación das mulleres foi, tradicionalmente, invisibilizada.
- A nivel de centro, no referente ao uso de espazos escolares pretendemos o próximo curso desenvolver o **proxecto de patios inclusivos**. Na actualidade, o patio organizase en zonas de xogo onde o alumnado está dividido por zonas con mestres ou mestras ao seu cargo e realízanse diferentes xogos seguindo a zona que lle toque (por exemplo, na zona de baloncesto poden xogar a calquera xogo que non sexa o fútbol).
- **Celebración das conmemoracións do calendario escolar:**
 - ✓ Día contra a Violencia de xénero (25 de novembro): contacontos, obradoiro e lazo humano por parte da consultaría de formación e proxecto Innovamos para todo o alumnado.
 - ✓ Día de declaración dos dereitos humanos (10 de decembro).
 - ✓ Día escolar de non violencia e da paz (30 de xaneiro).
 - ✓ Día da muller (8 de marzo).

- **Obradoiros coeducativos:** actuación de monicreques “Unha armadura con ferruxe” para 3º, 4º e 5º de Educación Infantil, teatro infantil “O estorniño Nino” para 1º e 2º curso de Educación Primaria, unha charla sobre os contos tradicionais “Marta e a píntega” para 5º curso de Educación Primaria e un mural no patio de baloncesto por Iria Fafián.
- **Plan director,** impulsado dende a Delegación do Goberno de Galicia e Inspección educativa, ofrece aos centros docentes a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcohol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís...; charlas impartidas por persoas expertas das forzas e corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias). Dende o centro estudarase a posibilidade a participación neste plan director.
- **As prácticas restaurativas,** porque como afirmaba Aristóteles, filósofo grego, “o ser humano é un ser social”. Unha mestra do centro impartirá unha charla ao resto do profesorado para poñer en práctica estratexias seguindo o repertorio das prácticas restaurativas:
 - **Estratexias proactivas:** escoita, declaracións afectivas, círculos.
 - **Estratexias reactivas:** preguntas restaurativas, pequena reunión espontánea, reunións formais.
- **Mediación escolar,** na hora do recreo, alumnos de 5º e 6º de Educación primaria mediarán ante os conflitos que durante este tempo poidan xurdir, sempre baixo a supervisión da orientadora.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

Por unha banda, dende o centro educativo temos unha labor importante neste ámbito. A prevención abordarémola poñendo en práctica as accións que se describen no presente Plan de Igualdade, pensando no noso alumnado como os adultos do futuro e instaurando neles valores coeducativos, de respecto, tolerancia, empatía, solidariedade...Esta será a nosa labor preventiva fundamental a cal terminará de cobrar sentido no eido familiar, sendo a familia o axente de socialización fundamental.

Por outra banda, para levar a cabo a detección e a intervención ante posibles casos de violencia de xénero, partiremos de que **a titoría deberá dar aviso de inmediato** ao equipo directivo ante calquera sospeita de maltrato ou violencia que o alumnado poida sufrir no seu ámbito familiar. No centro tomarase como principal referentes para a intervención a **Guía contra o maltrato infantil** deseñadas pola Xunta de Galicia, así como **o Protocolo básico de intervención contra o maltrato infantil no ámbito familiar** no cal se establece que o centro educativo dará notificación mediante o uso das follas para o ámbito educativo que estipuladas para tal fin a través do Rexistro Unificado de maltrato infantil (RUMI). Cada notificación consta de dúas copias en papel autocopiativo. Unha copia deberá permanecer no expediente académico do/a alumno/a para o seguimento do caso se fose necesario, a outra copia enviarase por correo ou

email aos enderezos indicados do Servizo de defensa do menor. Cada notificación debe realizarse nun cuestionario novo, mesmo cando se refire ao mesmo caso en datas posteriores a primeira detección.

A mestra que detecta o caso deberá: valorar se a gravidade do caso necesita a investigación e o apoio de Servizos Sociais; tratar os proxenitores con respecto e comprensión; informar dos casos de maltrato aos Servizos Sociais da zona. Nestes casos, poderase contar co asesoramento do EOE, en concreto, co equipo especialista en Traballo social.

A/ O mestre ou mestra que detecta o caso de maltrato deberá valorar a gravidade do caso e se necesita a investigación e o apoio dos Servizos Sociais; tratar ao proxenitores con respecto e comprensión e informar aos Servizos Sociais da zona.

Cobra importancia neste proceso a figura do Departamento de orientación do centro así como o equipo directivo. Dende o centro deberase ter moi presente que para notificar un caso non é necesaria ter unha certeza absoluta, senón que é suficiente ter unha sospeita razoable.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo- sexual.

En canto a promoción do respecto pola diversidade afectivo- sexual, tal e como se establece na **Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trata e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia** enténdese polo concepto de familia a derivada de matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación da afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén as unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo.

Por que partimos deste concepto? A nivel de centro é importante partir desta definición e inculcar ao alumnado os valores de familia que nela se expoñen, posto que se trata de darlle visibilidade no ámbito educativo aos diferentes modelos de familia establecidos nesta lei, deixando atrás o concepto de familia nuclear (nai, pai e fillos/as) que se propoñía noutros tempos. Partindo disto, podemos crear no alumnado unha mente aberta de cara a súa diversidade afectivo-sexual, posto que lle axudará a comprender que non existe un modelo de familia inculcado ou único, se non que é posible formar a familia que se quere. Neste sentido é importante sinalar o seguinte:

- Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e das distintas orientacións sexuais e identidade de xénero.

- Para os efectos de favorecer as visibilidades e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo sexual no centro, a Consellería competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, segundo se recolle no artigo 26.2 da lei mencionada anteriormente.

4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.

No centro tomarase como principal referentes para a prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia o establecido no **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero** e as directrices resinadas no **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016- 2020**.

Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirlle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo. Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste senso dunha persoa menor de idade escolarizada, a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

O/a xefe/a do departamento de orientación iniciará o proceso de avaliación psicopedagóxica do alumno/a mediante o cal detectará as posibles necesidades educativas, que plasmará no correspondente informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas (dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa á que pertence) de acordo coa normativa en atención á diversidade, ao plan de convivencia do centro e ás orientacións nesta materia. Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten claramente indicadores de maltrato cara á identidade de xénero do/a menor, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro (plan de convivencia e normas de organización e funcionamento) e, se é o caso, nos protocolos de atención ao maltrato infantil segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia. Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se

detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores.

Sen prexuízo da aplicación inmediata das medidas anteriores, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a información e formación dirixidas á comunidade educativa coa finalidade de que o/a menor poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual.

Con independencia de todas aquelas medidas e actuacións que se deriven da avaliación psicopedagóxica e da coordinación mencionada, establécense as seguintes recomendacións xerais:

- De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.
- A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.
- Garantírase o seu dereito a elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio, incluídos os uniformes escolares, se procede.
- Garantírase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- En todo o proceso actuarase de acordo co dereito á privacidade e honra do estudiantado e de todos os membros da comunidade educativa.
- Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme o sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevenir, observarase o acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

5- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

ÁMBITOS	ACTUACIÓNs
<p>Organización do centro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Creación dunha comisión responsable da elaboración do Plan de igualdade: análise do punto de partida (revisión de documentación, busca de materiais que faciliten a reflexión docente e elaboración de modelos de recollida de información), concreción de obxectivos e medidas e criterios de avaliación. ✓ Nomeamento dunha persoa do Observatorio de Convivencia para impulsar o plan de igualdade. ✓ Revisión, dende cada equipo de traballo, dos distintos proxectos do centro favorecendo a igualdade. ✓ Utilización dunha linguaxe inclusiva na documentación habitual do centro: comunicaci3ns e cartas, actas, carteleira do centro, taboleiros do centro, blogues etc. ✓ Formación do profesorado, alumnado e familias en materia de igualdade: charlas, talleres, cursos dentro ou fóra do centro. ✓ Difundirase este plan e as súas medidas de actuaci3n entre todos os membros da comunidade educativa a través da web do colexio así como a súa aprobaci3n no consello escolar.
<p>Eliminaci3n de estereotipos de xénero na transmisi3n de valores e saberes</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Revisi3n das programaci3ns didácticas, libros de texto e actividades valorando o uso da linguaxe, as imaxes e a representaci3n de ambos xéneros. ✓ Incorporaci3n das aportaci3ns de mulleres á vida social e cultural. ✓ Revisi3n doutros materiais didácticos eliminando aqueles que manteñan estereotipos de xénero. ✓ Realizaci3n de actividades na aula que axuden a reflexionar e sensibilizar na igualdade e non discriminaci3n. ✓ Realizaci3n de actividades que impliquen a participaci3n das familias e permitan crear unha oportunidade para observar a transmisi3n de xéneros no circulo social próximo. ✓ Oferta de actividades para traballar nas aulas os estereotipos existentes e a forma de contribuír a súa desaparici3n. ✓ Crear un espazo web dentro da páxina do centro para difundir a informaci3n en materia de igualdade de interese.

<p>Xestión de espazos, dos recursos e as oportunidades de xeito inclusivo</p>	<ul style="list-style-type: none">✓ Creación da comisión de igualdade, cuxos membros coincidirán cos do equipo de dinamización da convivencia.✓ Difusión e uso do Protocolo de identidade de xénero promovido dende a Consellería e de atención á diversidade de xénero.✓ Utilización dunha linguaxe inclusiva nos documentos institucionais, circulares informativas, notificacións, carteleira, blogues...✓ Utilización de espazos comúns no recreo de xeito igualitario, prestando especial interese ao tipo de actividades no recreo, xogos de roles, deportes..., limitando os espazos que ocupan os nenos con respecto ás nenas.✓ Promoción de xogos alternativos, libres de estereotipos sexistas e inclusivos.✓ Difusión de información de actividades de ocio, axudando a visibilizar a participación neles tanto de homes como de mulleres.✓ De forma anual, no marco da PXA concretaranse novas iniciativas xurdidas no seno do claustro, que proveñan das familias, consello e outras institucións externas.
<p>Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar</p>	<ul style="list-style-type: none">✓ Incorporación da perspectiva de xénero nas programacións didácticas, situacións de aprendizaxe ou propostas pedagóxicas: visibilizar e dignificar a contribución da muller en todas as áreas de coñecemento, as ciencias e o deporte, utilizar a linguaxe inclusiva na comunicación verbal e escrita, utilizar referentes diversos, contemplar a corresponsabilidade no reparto de tarefas e na asunción de responsabilidades, así como nas tarefas de coidado.✓ Suprimir os roles e estereotipos sexistas, impulsar as vocacións científico- tecnolóxicas entre as alumnas e a orientación académico- profesional libre de estereotipos.✓ Realización de dinámicas de grupo que fomenten a empatía e a comprensión da diversidade social.✓ Utilización nas aulas de dinámicas de resolución de conflitos e de metodoloxías que favorezan a aprendizaxe cooperativa.✓ Revisión e actualización das bibliotecas de aula con materiais que fomente a igualdade, os dereitos e deberes das persoas, a non discriminación.

- | | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">✓ Selección de materiais curriculares e libros de texto que teñan en conta a perspectiva de xénero, referentes de éxito de toda a diversidade humana, linguaxe non sexista, valores inclusivos..., criterios que a súa vez deben estar presentes no “deseño das probas escritas e orais”, enunciado de exercicios, problemas...✓ Inclusión da educación emocional.✓ Celebración das conmemoracións que teñen como obxectivos sensibilizar á sociedade en múltiples aspectos vinculados á igualdade, á situación da muller ou á diversidade sexual, a partir dun proceso participativo de toda a comunidade educativa. |
|--|---|

6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para conseguir os mellores resultados deste Plan, o equipo de dinamización reunirse, ao menos, unha vez ao trimestre e realizará unha avaliación trimestral que nos permitirá comprobar se os obxectivos marcados están sendo adecuados, e se as actividades propostas son as correctas para lograr eses obxectivos e así poder realizar as oportunas modificacións.

A avaliación do plan realizarase atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Coordinación e implicación do Plan de igualdade noutros documentos do centro.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Avaliación do proceso.
- Valoración das conclusións e propostas de mellora.

Os instrumentos de avaliación utilizados serán:

- En canto á recollida de información:
 - o Observación.
 - o Sesións de avaliación trimestrais.
 - o Reunións dos equipos de coordinación, claustro, CCP, DO, consello escolar, etc.
 - o Dinámicas de aula.
- En canto ao funcionamento do plan:
 - o Observación directa.
 - o Memorias do centro.
 - o Indicadores para avaliar o Plan.

INDICADOR	SI	NON	EN PROCESO
A participación e implicación do alumnado e o profesorado foi boa.			
A dinámica do grupos foi fluída e cooperativa.			
O grado de autonomía dos grupos e o material elaborado son de calidade e libre de rasgos sexistas.			
A reflexión colectiva e individual aportaron valores de equidade e xustiza social.			
Utilizouse unha linguaxe integradora con ambos sexos e libre de prexuízos			
O ambiente creado favoreceu a expresión sana e libre dos sentimentos de cada quen			

O informe de seguimento anual, é dicir, a memoria final deberá incorporar as actividades realizadas, o balance dos resultados obtidos e o impacto das actuacións, e como resultado de todo isto as propostas de mellora. O equipo directivo garantirá unha adecuado información a todos os membros da comunidade educativa, facilitando en todo momento a participación nos procesos de avaliación e mellora que se establecen a tal efecto. As posibles propostas de mellora e modificacións recollidas na memoria do curso anterior incorporaranse ao plan, procedéndose así á súa actualización cada inicio do curso escolar. As oportunas modificacións serán aprobadas polo consello escolar e incluídas no Proxecto Educativo do Centro.